

Extracto da convocatoria para o ano 2023, do Programa de concesión de subvencións para a mellora da accesibilidade: instalación de ascensores e eliminación de barreiras arquitectónicas nos edificios residenciais colectivos do municipio de Arteixo.

Obxecto.- O obxecto destas bases é a regulación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a determinadas actuacións de rehabilitación edificatoria, en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras, nas edificacións de tipoloxía residencial colectiva do municipio de Arteixo.

Beneficiarios/as: Poderán beneficiarse das axudas as Comunidades de Propietarios de edificios de tipoloxía residencial colectiva sitos no termo municipal de Arteixo (A Coruña).

Ámbito temporal das actuacións: Serán subvencionables as actuacións iniciadas con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2021.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras do Programa de concesión de subvencións para a mellora da accesibilidade: instalación de ascensores e eliminación de barreiras arquitectónicas nos edificios residenciais colectivos do municipio, publicadas no BOP da Coruña nº 200, do 24 de novembro de 2020.

Contía.- O importe da consignación orzamentaria ascende á cantidade de 300.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1522.78000, do orzamento ordinario municipal para o ano 2023.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables.

Prazo de presentación de solicitudes.- O prazo de presentación de solicitudes que será dun mes desde a publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña.

Prazo de xustificación da subvención.- O prazo de xustificación da subvención rematará o 30 de novembro do ano seguinte o do outorgamento da mesma.